

- Denominación: repotenciación da LAT 132 KV SUB. LUDRIO-SUB. CEAO entre os apoios 52 e 103 mediante a substitución do condutor de fase

- Situación: concellos de Lugo e Castro de Rei

- Características Técnicas:

1. Substitución do condutor existente na liña Sub. Ludrio-Sub. Ceao, con orixe no apoio P-52 e final no apoio P-103, actualmente a liña está formada por un circuito simplex de condutor tipo LA-110, cunha capacidade de transporte de 70MVAs e substitúese por outro circuito simplex cun novo condutor tipo ACSS TW AW 133/22 PARTRIDGEL, cunha nova capacidade de transporte de 140 Mvas, cunha lonxitude de 13.772 metros.

2. Reforzo mecánico dos apoios número 55, 69, 84, 95, 96, 97 e 103 para resistir as novas cargas solicitadas consistente no reforzo dos armados.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán examinar o proxecto e presentar as súas alegacións, nesta xefatura territorial, sita na Rolda da Muralla nº. 70-baixo 2- Lugo, no prazo de vinte días a partir do seguinte ao da última publicación desta resolución.

Lugo, 8 de marzo de 2017.- A xefa territorial, Pilar Fernández López

R. 0730

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SERVIZO DE XESTIÓN TRIBUTARIA E RECADACIÓN

Anuncio

AMPLIACIÓN DE PRAZO DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS PARA ALLEAMENTO DE BENS EN ADXUDICACIÓN DIRECTA.

Anúnciase a ampliación do prazo ata o límite total de seis meses, computado dende a data de publicación do primeiro anuncio de 25 de novembro de 2016, para a presentación de ofertas en sobre pechado, no alleamento de bens por adxudicación directa, segundo acordo adoptado pola Mesa de Poxa, de data 14 de marzo de 2017, ao considerar insuficientes as ofertas presentadas en relación ao valor dos bens, no procedemento de constrinximento seguido ao obrigado ao pago D. JOSE PULPEIRO DOVAL, con N.I.F. 33765994Q. **O devandito prazo remata o día 26 de mayo de 2017.**

Transcorrido o prazo sen haberse dictado acordo de adxudicación, darase por concluído o devandito trámite, iniciándose os trámites de adxudicación dos bens ou dereitos non adxudicados ao Concello acreedor conforme aos artigos 108 e 109 do Regulamento Xeral de Recadación. Non entanto, adxudicarase o ben ou dereito a calquera interesado que satisfaga o importe do tipo da última poxa celebrada antes de que se acorde a adxudicación dos bens ou dereitos á Facenda local.

As condicións para participar na adxudicación directa, as fincas obxecto de alleamento e o tipo mínimo que debe ofrecerse, son os mesmos que os anunciados no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, número 271, de data 25 de novembro de 2016.

Lugo, a 20 de marzo de 2017.- O xefe do Servizo de Xestión Tributaria e Recadación, Emilio J. Fernández Pita

R. 0799

CONCELLOS

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

Por Acordo da Xunta de Goberno Local de data 13 de marzo de 2017, foron aprobados os Pregos de Cláusulas Administrativas (PCAP) e Técnicas particulares que rexeran na seguinte licitación:

1. ENTIDADE ADXUDICADORA

- Organismo: Concello de Monforte de Lemos.
- Dependencia tramitadora: Secretaría-Servizo de Contratación.
- Número de expediente: (EXP.009-CON17)

2. OBXECTO DO CONTRATO

- Descrición do obxecto: UTILIZACIÓN PRIVATIVA A MEDIO DE CONCESIÓN DEMANIAL DOS POSTOS Nº 2 E Nº 8 DA PRAZA DE ABASTOS.
- Prazo de duración: 5 anos
- Admisibilidade de prórrogas: Sí, ata un máximo de 10 anos.